

Unha carta para os paxaros das fragas do Miño

Cando tiven que me ir da nosa terra cara a Madrid para me perder nas fragas de fume e cemento da grande cidade levei comigo un tesouro xa para sempre: o galego que aprendera alá pola raia galego-miñota, carón do Miño, rentes do muíño onde chegaba a barca de Servando, lonxe na memoria, preto no corazón, oíndo tamén para sempre a cantiga de berce que nos cantaban aos nenos daquela: Río Miño / vai caladiño / non me espertes / ao meu meniño. E un ano e outro, nos malos intres da vida, sempre volvíñ a oír o merlo na fiestra de Madrid (fenestras, dicíanlle en Cortegada ás ventás ou fiestras) cantar aquilo coma unha frauta eterna que me abalaba o berce co son da terra, tan lonxe e tan de preto, concerto que viña polo aire e pousaba nos miolos ao xeito dunha man máxica que me traía outro aire, outra vida, outra terra, outra lingua. E xa non puideren vivir sen ela, aquela fala que me daba a vida cando a señardade cinguía o peito e o mundo inzaba outras músicas pouco axeitadas para o lecer da almas na fraga madrileña. E é por iso que traballo e defendo a lingua, e é por iso que quero que a terra non perda nunca ese tesouro que nos leva até o fondal dese eido de saudade propia no que revivimos cando todo nos leva a algún estrago. E aínda máis, que dicía aquel home da feira de Santa Susana: quero a miña lingua para sentir e tamén para facer ciencia, para a literatura, a cantiga e as ecuacións matemáticas máis complexas. Para pensar en min e en vós. Para sentir pensando e pensar sentindo. Sempre no seu colo de paxaro que voa dende a terra até min, e pousa na fenestra para cantar arreo e para sempre.

Fermín Bouza
Sociólogo

DO GALEGO